

DICIONARIO

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Boedo

Boedo estaba, e está mergullada, en Lagostelle, no concello de Guitiriz (Lugo). Unha vez que pasou por alí a Sagrada Familia pedindo esmola nin un só veciño llela quixo dar. Ata o zapateiro, por sacalos de diante, lles arrebolou a forma.

Cando chegaron á casa de Barreiro, a máis pobre do lugar, o problema era ben diferente.

— De boa gaña lles darían de comer, mais non teño nada que lles dar.

— Señora —díxolle a Virxe— amase a cinsa da lareira!

— Como di!

— Amase a cinsa da lareira!

— Pero...non vai ligar!

— Amase, amase; fágame caso.

A señora amasou, enfornou e coceu. E cando probaron resultou que aquela cinsa sabía coma o pan do mellor trigo.

— É tan verdade —dixo a Virxe— que esa torta está cocida, e que é de trigo, como que a cidade de Boedo está mergullada.

E era verdade.



Ilustración: Noemí López, *Guía ilustrada da Galicia invisible*, Xerais, 2010.

BIBLIOGRAFÍA

Reigosa, A. (2010). *Guía ilustrada da Galicia invisible*. Cidades, vilas e lugares desaparecidos, illas misteriosas, covas impenetrables, personaxes etéreos, montes aparentes, pozos insondables... Xerais, Vigo. (Con ilustracións de Noemí López).